- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.

UD	Título da UD	Duración
2	Física	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Explica a maioría de fenómenos formulados.	PE	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve ben a maioría de actividades.		
CA3.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á natureza eléctrica da materia e da enerxía nun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Usa ben a maioría dos datos achegados.		
CA3.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais na obtención de enerxía eléctrica e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuír á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Indica como se obtén a enerxía.	TI	50
CA3.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados coa natureza eléctrica da materia e coa enerxía a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Non cae en bulos ou datos pseudocientíficos.		
CA3.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos en canto á enerxía que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Segue ben un protocolo de laboratorio.		
CA3.7 - Detectar na contorna as necesidades tecnolóxicas, ambientais, económicas e sociais máis importantes que demanda a sociedade, entendendo a capacidade da ciencia para darlles solución sostible a través da implicación de todos os cidadáns.	Cita algunha solución científico-técnica para algún problema social.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Natureza eléctrica da materia: electrización dos corpos. - Enerxía eléctrica: obtención. Circuitos eléctricos. - O aforro enerxético e a conservación sostible do medio ambiente.

UD	Título da UD	Duración
3	Química	45

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e comprender fenómenos fisicoquímicos cotiáns relevantes relacionados coa composición e estrutura de sistemas materiais, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identifica a maioría de fenómenos propostos.		
CA2.2 - Resolver problemas fisicoquímicos relacionados coa composición e coa estrutura de sistemas materiais, utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve a maioría de actividades.		
CA2.3 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de fenómenos relacionados con sistemas materiais a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Non cae en bulos nin datos pseudocientíficos.		
CA2.4 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa á composición e estrutura de sistemas materiais, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Usa ben os datos achegados a maior parte das veces.		
CA2.5 - Utilizar adecuadamente os símbolos dos elementos químicos e as fórmulas das substancias máis importantes, as regras de formulación e nomenclatura, facilitando unha comunicación efectiva con toda a comunidade científica.	Emprega os símbolos químicos máis habituais e sabe formular os compostos máis básicos.	PE	80
CA4.1 - Identificar e comprender os cambios físicos e químicos cotiáns relevantes relacionados coa natureza eléctrica da materia e da enerxía, a partir dos principios, teorías e leis científicas adecuadas, expresándoos de maneira argumentada e utilizando diversidade de soportes e medios de comunicación.	Identifica a maioría dos cambios propostos.		
CA4.2 - Resolver problemas sobre cambios fisicoquímicos utilizando as leis e as teorías científicas adecuadas, razoando os procedementos utilizados para atopar as solucións e expresando adecuadamente os resultados.	Resolve a maioría dos cálculos estequiométricos.		
CA4.4 - Empregar as metodoloxías propias da ciencia na identificación e descrición de cambios físicos e químicos a partir de cuestións ás que se poida dar resposta a través da indagación, da dedución, do traballo experimental e do razoamento lóxico-matemático, diferenciándoas das pseudocientíficas.	Non cae en bulos nin datos pseudocientíficos.		
CA4.5 - Empregar datos en diferentes formatos para interpretar e comunicar información relativa aos cambios físicos e químicos dun proceso fisicoquímico concreto, relacionando entre si o que cada un deles contén e extraendo en cada caso o relevante para a resolución dun problema.	Usa ben os datos achegados a maior parte das veces.		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Recoñecer e valorar, a través da análise histórica do desenvolvemento do modelo atómico e da ordenación de elementos na táboa, que a ciencia é un proceso en permanente construción.	Indica un par de características principais de cada un dos modelos atómicos.	TI	20
CA4.3 - Recoñecer na contorna inmediata situacións problemáticas reais relacionadas fundamentalmente cos cambios químicos e describilas, así como emprender iniciativas nas que a física e a química poden contribuir á súa solución, analizando criticamente o seu impacto na sociedade.	Sinala algunha posible solución científico-técnica para un problema social.		
CA4.6 - Emprender, de forma guiada e de acordo coa metodoloxía adecuada, proxectos científicos respecto a cambios físicos e químicos que involucren o alumnado na mellora da sociedade e que creen un valor individual e colectivo.	Segue axeiadamente un protocolo de laboratorio.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estrutura atómica: desenvolvemento histórico dos modelos atómicos, existencia, formación e propiedades dos isótopos e ordenación dos elementos na táboa periódica. - Principais compostos químicos: a súa formación e as súas propiedades físicas e químicas, valoración das súas aplicacións. Masa atómica e masa molecular. - Nomenclatura: participación dunha linguaxe científica común e universal formulando e nomeando substancias simples, ións monoatómicos e compostos binarios mediante as regras de nomenclatura da IUPAC. - Os sistemas materiais: análise dos diferentes tipos de cambios que experimentan relacionando as causas que os producen coas consecuencias que teñen. - Interpretación macroscópica e microscópica das reaccións químicas: explicación das relacións da química co medio ambiente, coa tecnoloxía e coa sociedade. - Lei de conservación da masa e lei das proporcións definidas: aplicación destas leis como evidencias experimentais que permiten validar o modelo atómico-molecular da materia. - Factores que afectan as reaccións químicas: predición cualitativa da evolución das reaccións, entendendo a súa importancia na resolución de problemas actuais por parte da ciencia.

UD	Título da UD	Duración
4	Bioloxía	50

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	Faise entender.	PE	65
CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	Sinala a célula como unidade fundamental de todo ser vivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Diferenza os 3 tipos celulares principais.		
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	Sinala que os virus non son seres vivos.		
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Contesta axeitadamente a maioría de actividades.		
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Achega algunha solución aos problemas formulados.		
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Cita os aparellos que interveñen na nutrición.		
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	Cita os tipos de nutrientes.		
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Resume sucintamente o proceso de nutrición.		
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Resume sucintamente o proceso de relación.		
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Cita o hipotálamo como regulador hormonal principal.		
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Indica que os antibióticos só se deben tomar ante infeccións bacterianas.		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Resume as ideas principais sobre o funcionamento do sistema inmune.		
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	Emprega unha boa terminoloxía cando fala da sexualidade e a reprodución.		
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	Respecta as identidades sexuais alleas.		
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Busca información de calidade en Internet.	TI	35

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Non emprega bulos nin información pseudocientífica.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Achega solucións aos problemas formulados.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Achega algunha forma de prevención de doenzas.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Indica a necesidade de alimentarnos ben e facer deporte.		
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Respecta as identidades sexuais alleas e o feminismo.		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuizos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Sinala os problemas principais do consumo de drogas.		
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Interpreta ben a información obtida dunha web.		
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Non emprega bulos nin información pseudocientífica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos: - Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais). - Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares. - Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor. - Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela. - Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores. - Análise e visión xeral da función de relación.

Contidos

- Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino.
- Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor.
- Reprodución e sexualidade.
- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.
- Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.
- Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico:
- Infeccións de transmisión sexual (ITS).
- Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado.
- As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais.
- Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.
- Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).
- Enfermidades infecciosas e non infecciosas:
- Diferenciación en base á súa etioloxía.
- Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas.
- O uso adecuado dos antibióticos.
- Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de patóxenos ao organismo.
- Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas.
- Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana.
- Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

UD	Título da UD	Duración
5	Xeoloxía	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Pon un exemplo de cada tipo de risco natural.	PE	100
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Cita os factores de risco.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Cita os principais tipos de volcáns e sinala o feito de que nos bordos das placas tectónicas hai máis sismos e volcáns.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.	Pon algún exemplo de predición e de prevención sísmicas.		
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Indica que son máis frecuentes os terremotos na zona oriental de Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Riscos naturais: - Definición e clasificación. - Análise e planificación. - Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas: - Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra. - Tipos de erupcións volcánicas. - Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Traballar de xeito competencial na aula supón un cambio metodolóxico importante; o docente pasa a ser un xestor de coñecemento do alumnado e o/a alumno/a adquire un maior grao de protagonismo.

En concreto, neste ámbito necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir os coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes que conduzan á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da historia, a súa repercusión e as implicacións éticas que en ocasións se presentan. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo cooperativo achega, ademais habilidades sociais e enriquecemento persoal dende a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno/a parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todo o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe, motivo polo cal se desenvolverán un conxunto de actividades caracterizadas pola súa diversidade e elevado grao de adaptación.

Na área científica é indispensable a vinculación a contextos reais, que amosen a aplicación dos contidos traballados, evidenciando deste xeito e relevancia e importancia dos contidos a traballar. Neste sentido, está prevista a realización de actividades complementarias que permitan evidenciar a aplicación e importancia desta materia.

Unha das premisas coas que partimos dende esta materia baséase en cambiar a percepción que o alumnado ten ante a mesma, motivo polo cal o principio metodolóxico levado a cabo parte dos seguintes principios:

- Motivación: Mediante o emprego de recursos variados e a aplicación progresiva dunha proposta metodolóxica baseada en proxectos.
- Fomento da interacción entre profesor e alumnado, así como entre alumnos/as e o/a alumno/a consigo mesmo/a.
- Equilibrio entre coñecementos e procedementos: o coñecemento non se aprende á marxe do seu uso, como tampouco se adquiren destrezas en ausencia dun coñecemento de base conceptual que permite dar sentido á acción que se leva a cabo. Imos tratar de conxugar o traballo dos coñecementos coa amplitude e rigor necesarios, por unha banda, con aspectos básicos para unha actividade científica como as prácticas, as ferramentas, a investigación e a realización e comunicación de informes.
- Aprendizaxe activa e colaborativa: a adquisición e aplicación de coñecementos en situacións e contextos reais é un xeito óptimo de fomentar a participación e implicación do alumnado na súa propia aprendizaxe. Unha metodoloxía activa tense que apoiar en estruturas de aprendizaxe cooperativo, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicalas a situacións similares.
- Importancia da investigación: como resposta ás novas necesidades educativas, onde adquiren relevancia os proxectos de investigación, e de cara a espertar no alumnado esa compoñente motivacional, optárase pola posta en marcha de proxectos que pretenden, por un lado, aumentar o interese pola materia, e por en práctica os conceptos e contidos desenvoltos na materia.
- Integración das tecnoloxías da información e comunicación (TIC) no proceso de ensino-aprendizaxe: apoiáronos no emprego de distintos recursos tecnolóxicos partindo da diversidade do alumnado, tendo en conta o compoñente motivacional dos mesmos e o seu potencial didáctico.
- Atención á diversidade: Partindo da diversidade do alumnado, empregaránse distintos recursos, estratexias e procedementos de cara a garantir a posta en práctica das potencialidades do alumnado.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador con acceso a Internet e proxector
Encerado dixital
Apuntamentos de elaboración propia
Google Classroom (e EdixGal)
Laboratorio e o material que hai nel

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal, aínda que tamén poderemos dispoñer con frecuencia lo laboratorio.

A principal ferramenta de traballo será o caderno, que será solicitado en calquera momento do trimestre para seguir o traballo do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Para orientar ao profesorado sobre o nivel académico do alumnado realizarase unha avaliación inicial ao comezo do curso cuxo contido terá en conta os mínimos establecidos no curso anterior.

Dita proba tratará de realizarse na primeiras semanas de curso, e xunto cos informes individualizados levados a cabo no curso pasado permitirá a detección do nivel competencial previo do alumnado de cara a detectar alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) ou necesidades de reforzo.

A proba consistirá en varios exercicios básicos extraídos do currículo da materia.

Segundo os resultados obtidos nestas probas contéplase a posibilidade de adoptar diferentes medidas individuais ou colectivas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	10	30	40	5	100
Proba escrita	33	50	80	65	100	65
Táboa de indicadores	67	50	20	35	0	35

Criterios de cualificación:

En cada trimestre traballarase os contidos tal e como figuran na presenta programación. Os criterios de avaliación asociados terán o peso no trimestre tamén de acordo aos valores que aquí figuran, xa sexa mediante probas escritas ou traballos. Para calcular a nota trimestral farase unha proporción ou media ponderada entre a puntuación acadada polo alumnado e o peso dos criterios avaliados ata ese momento dende o principio curso. É dicir, que o segundo trimestre incluírá os criterios da primeira avaliación, e a nota do terceiro coincidirá coa final, posto que recollerá o peso da totalidade de criterios do curso.

Por exemplo: no 1º trimestre trabállanse un criterio cun peso do 10% nunha proba escrita e outro cun 20% nun traballo. Unha persoa ten na proba ten un 10 e no traballo ten un 5. Ponderando o peso de cada instrumento, iso equivaldría a un 6'67 sobre 10. Se no 2º trimestre non fai nada, a súa nota non sería un 0, senón que, se se traballan contidos cun peso doutro 30% do curso, a nota resultante sería dun 3'33 sobre 10, posto que se teñen en conta os criterios da anterior avaliación. Se na última ten un 10 en todo (cuns criterios cun peso do 40% do ano escolar), a nota final sería un 6.

Criterios de recuperación:

De xeito trimestral o alumnado contará cunha cualificación numérica de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superar a materia obter unha cualificación de 5 puntos.

Se a cualificación dalgunha parte é inferior a 5 puntos terán a posibilidade de recuperar os contidos non superados antes da avaliación final baixo previa solicitude e acordo de data co resto de estudantes do curso. Como recuperación, poderán realizar unha proba escrita sobre os contidos traballados ó longo do curso das partes que non superou e a nota recalcularase coa nova puntuación obtida, de xeito que aprobará se acada o 5.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que teña que recuperar de cursos anteriores da ESO a materia de FeQ ou de BeX deberán realizar un boletín de exercicios en cada trimestre, que versará sobre os contidos traballados en cada un dos trimestres do curso pendente. O devandito boletín será publicado na aula virtual, nunha materia específica para o alumnado con materias pendentes, e deberá realizar e entregar os exercicios por esa vía dentro do prazo establecido e que se lles será notificado. Superará a materia sempre e cando os exercicios unha vez avaliados acaden unha cualificación numérica igual ou maior a 5 puntos, sobre 10. Para isto, cada un dos exercicios contará co mesmo peso sobre a cualificación trimestral, e a cualificación final da materia pendente será o resultado da media aritmética das cualificacións obtidas en cada un dos trimestres.

No caso de non superaren os mínimos esixidos durante o curso, terán unha segunda oportunidade nas semanas entre a terceira avaliación e a avaliación ordinaria, mediante a realización dunha proba escrita sobre todos os contidos traballados na materia pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e á consecución das competencias clave e dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e non poderán, en ningún caso, supor unha discriminación que lles impida alcanzar os devanditos obxectivos. En canto se detecten dificultades de aprendizaxe, deberánse por en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes, tendo en conta as posibilidades que nos ofrezca o centro e o departamento de orientación, entre as seguintes:

- a. Reforzo educativo. Propóranse actividades de reforzo para aqueles/as alumnos/as con dificultades para que así acaden os obxectivos mínimos, sen necesidade de adaptar o currículo.
- b. Actividades de ampliación. Proporcionaránse actividades que teñan maior dificultade que as realizadas na aula, para aqueles/as alumnos/as que alcancen os obxectivos propostos co fin de manter a súa motivación e interese na materia.
- c. Agrupamentos flexibles. Poderán facerse modificacións nos grupos ordinarios para homoxeneizar o grupo en diferentes actividades e así poder usar distintas metodoloxías, aínda que a situación actual pón complicada a posta en práctica desta estratexia.
- d. Apoio en grupos ordinarios ou apoio ocasional fóra do grupo ordinario. Medida realizada polos integrantes do departamento de orientación, apoiando ó profesor dentro e fóra da aula, dirixida a alumnos con algunha materia adaptada curricularmente.
- e. Atención a alumnos estranxeiros. Facilitarase a integración de alumnos/as que descoñezan a lingua e cultura española, desenrolando programas específicos de aprendizaxe simultaneamente á escolarización ordinaria.
- f. Alumnado con discapacidades físicas ou psíquicas. Desenrolaranse programas individuais con actividades e recursos especiais, contando co axuda de profesionais dedicados ó campo correspondente.
- g. Medidas de reforzo a alumnos con materias pendentes. Se non hai clases de recuperación, arbitranse medidas de seguimento destes/as alumnos/as, ademais do continuo contacto co/a titor/a de pendentes que nos informará sobre a evolución do alumnado e poñerá de manifesto a necesidade de levar a cabo algunha explicación puntual no caso de que o alumnado non teña a iniciativa de indicalo. Nestes casos haberá que proporcionar unha atención moi individualizada.
- h. Adaptacións curriculares non significativas. Son as adaptacións que non afectan ó currículo e concréntanse naqueles cambios que o profesorado introduce de maneira habitual no proceso de ensinanza. Poden referirse a cambios metodolóxicos ou ó deseño especial de actividades.

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves da conduta. Na liña do Manual Diagnóstico e Estatístico dos Trastornos Mentais, especificábase que este trastorno dáse cando o rendemento do/a individuo/a en lectura, cálculo ou expresión escrita é substancialmente inferior ó esperado pola idade, escolarización e nivel de intelixencia. Así, como medida de apoio a estes/as alumnos/as, debemos realizar adaptacións curriculares significativas, é dicir, adaptacións curriculares que se aparten significativamente dos contidos e criterios de avaliación do currículo. Estas adaptacións curriculares, que estarán precedidas en todo caso dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumnado e a

conseguinte proposta curricular específica, realizaranse buscando o máximo desenvolvemento das competencias clave de acordo coas posibilidades do alumno; a avaliación tomará como referencia os obxectivos e criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e nos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X
ET.8 - Educación para a saúde			X	X	
ET.9 - Educación afectivo sexual				X	
ET.10 - Concienciación e formación sobre o cambio climático		X	X		
ET.11 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X	X	X	
ET.12 - Respeto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X
ET.13 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5
ET.14 - O espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.	X	X	X	X	X

Observacións:

Tratamento e fomento da comprensión lectora e da expresión oral e escrita

Desde esta materia, e tendo en conta o plan lector do centro, intentaranse levar a cabo algunhas das actividades seguintes:

- Lectura de textos recollidos en libros, revistas ou prensa relacionados coa ciencia en xeral.

- Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos da materia.

En canto ó desenvolvemento da expresión oral e escrita farase fincapé nas súas saídas ó encerado e no traballo nos cadernos e exames.

Tratamento e fomento das TIC

Utilizaranse modelos didácticos sinxelos, ao alcance de todo/a profesor/a que saiba utilizar un editor de textos, enviar mensaxes e navegar por Internet, cuxa aplicación na aula realmente facilite o seu traballo.

Fomento do espírito emprendedor e iniciativa empresarial

Traballaremos este elemento transversal a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Educación cívica, constitucional

Promoveremos a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída á Coruña	Visitaremos os museos de ciencias e tecnoloxía da cidade.			
Merenda saudable	Deseñarán as súas propias merendas de xeito saudable.			
Obradoiros varios	Saúde mental, educación afectivo-sexual, igualdade, adiccións e drogas.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Os obxectivos adáptanse á área e as características do alumnado.
A selección dos contidos está en relación co desenvolvemento evolutivo do alumnado.

Os contidos están en consonancia cos obxectivos propostos e contribúen á adquisición das competencias clave.
As actividades son motivadoras, variadas, graduadas en dificultade e accesibles para o alumnado.
Os materiais e recursos didácticos empregados son variados e inclúen os relacionados coas TICs.
Os procedementos e instrumentos de avaliación son variados, flexibles, están contextualizados á diversidade do alumnado e prevén mecanismos de recuperación.
As medidas de atención á diversidade atenden aos niveis de coñecemento e posibilidades de aprendizaxe do alumnado.
A metodoloxía empregada contribúe ao desenvolvemento do proceso de ensino aprendizaxe e atende ás diversas formas de aprendizaxe do alumnado.
Contémplanse os elementos transversais a traballar en cada curso.

Descrición:

A presente programación deberá ser revisada e avaliada en relación cos resultados académicos obtidos durante o curso lectivo. Con este fin, usaranse, como base para dito proceso, os indicadores de logro deseñados con anterioridade, así como a análise das cualificacións finais dos alumnos e alumnas. Grazas a isto, obteremos unha clara visión do nivel de obxectivos acadados polos alumnos e da idoneidade das actividades realizadas ó longo do curso.

De ser o caso, procederase á modificación da presente programación didáctica tomando como guía os anteriores indicadores de logro, os cales indicarán os puntos fortes e os febles.

0: non se contempla; 1: contémpase de forma parcial; 2: ben; 3: excelente.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto.

O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados